

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

2.36293.- APROBACIÓN DE ACTUACIÓNS AUTORIZADAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PROGRAMA “+MÚSICA” 2026” (EXPT. 2026001124)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación, na sesión que tivo lugar o 6 de febreiro de 2026, aprobou as bases reguladoras do programa “+Música” para o ano 2026, de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra, que se publicaron no BOPPO núm. 27 de 10 de febreiro de 2026.

Poden beneficiarse deste programa os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes. Segundo.- Tal como figura na base sexta da convocatoria, os concellos destinatarios poden solicitar a autorización dun máximo de tres actuacións a desenvolverse entre o 15 de abril e o 31 de decembro de 2026.

As actuacións serán cofinanciadas entre a Deputación e os concellos do seguinte xeito:

- A Deputación de Pontevedra aboará o 100% do caché do espectáculo do grupo ou artista, previa tramitación do expediente de contratación correspondente
- O concello aboará a produción da actuación (equipos de son, luz, escenario e demais medios necesarios para o seu desenvolvemento).

Terceiro.- Segundo se establece nas bases, os concellos interesados deberán presentar unha única solicitude na que elixirán entre dúas opcións:

Opción 1: Unha soa actuación, se o grupo ou artista elixido como primeira opción ten un caché superior a doce mil euros (12.000 €). Neste caso, o concello solicitante deberá seleccionar como segunda opción un grupo ou artista con caché inferior a doce mil euros (12.000 €).

Opción 2: Ata un máximo de tres actuacións, sempre que a suma dos cachés dos grupos ou artistas elixidos non superen o importe de doce mil euros (12.000 €).

Os concellos na solicitude indicaran a súa orde de preferencia e tamén indicarán a data ou datas previamente acordadas co grupo ou grupos que solicitan e xunto coa solicitude achegarán a conformidade dos grupos que van a realizar a actuación para a data ou datas indicadas.

Cuarto.- Os concellos tiñan de prazo desde o 20 de febreiro de 2026 ata o 5 de marzo de 2026, ambos incluídos, para presentar solicitudes de actuacións con cargo a dito programa, tal como se recolle na base oitava da convocatoria.



Quinto.- En consecuencia e á vista da presentación de solicitudes por parte dos concellos da provincia e de acordo cos criterios de adxudicación das actuacións, establecidos na base décimo terceira, confecciónase o listado das agrupacións que lles corresponden a cada concello e establécese o caché a aboar pola Deputación a cada grupo, que servirá para o prezo do correspondente contrato.

Sexto.- Vistos os informes favorables xurídico e o de Intervención de data 13 de marzo de 2026 con CSV: OLBCHKJCDV1UGH7W.

Fundamentos xurídicos e técnicos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 118 d) e 109.1.d)
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, art. 69
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- Bases reguladoras para o ano 2026 do Programa “+Música” de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra (BOPPO núm. 27 de 10 de febreiro de 2026).

Segundo.- A competencia para a aprobación das actuacións autorizadas a cada concello da provincia corresponde á Xunta de Goberno, tal como se recolle na base décimo cuarta da convocatoria.

En base ao anteriormente, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar a relación de actuacións autorizadas a cada concello da provincia con cargo ao Programa “+Música” 2026 e que figuran na relación con CSV: PMFS4BYR2X1OZOEO e que se relacionan a continuación:





Num orde	Nº/CF	Concello	Nome artístico	Data	Importe	Nome artístico	Data	Importe	Nome artístico	Data	Importe	TOTAL
1	P160500G	SCOUTAMAIOR	DE NINGHURES	10/07/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
2	P160600E	CAMBADOS	MONDRA	10/07/2026	14.217,00 €							14.217,00 €
3	P160400E	TOMIÑO	ORTIGA	11/07/2026	14.887,00 €							14.887,00 €
4	P160160B	OIA	LOUBAND	27/09/2026	4.270,00 €	SONDAS TABERNAS	11/07/2026	3.267,00 €	LUXIA LAMBONA E A BANDA MOLONA	14/11/2026	3.327,00 €	10.864,00 €
5	P160400H	PONTE CALDELAS	TREXADURA	10/08/2026	14.520,00 €							14.520,00 €
6	P1604200I	PONTEAREAS	LUCIA PEREZ	15/09/2026	11.900,00 €							11.900,00 €
7	P160400I	BUEU	DE NINGHURES	18/07/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
8	P1602400H	LALÍN	XUNTOS POLA MÚSICA	20/06/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
9	P160500G	CALDAS DE REIS	TREXADURA	14/08/2026	14.520,00 €							14.520,00 €
10	P160400C	REDONDELA	DAKIDARRIA	24/07/2026	14.520,00 €							14.520,00 €
11	P160700B	BAIONA	TREXADURA	14/07/2026	14.520,00 €							14.520,00 €
12	P160000J	ILLA DE AROUSA, A	XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE	27/06/2026	11.878,00 €							11.878,00 €
13	P1604800G	ROSAL, O	DE NINGHURES	24/07/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
14	P1604600A	RIBADUMA	SHEILA PATRICIA	20/06/2026	4.500,00 €	FESTICULTORES TROUPE	04/06/2026	4.840,00 €	CANTANDO CON PINOCHO	10/07/2026	900,00 €	10.240,00 €
15	P160200I	GUARDA, A	XUNTOS POLA MÚSICA	21/08/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
16	P1602600I	DOZÓN	OS SATELITES	23/04/2026	14.520,00 €							14.520,00 €
17	P1602600C	MARÍN	OCANUSIC	08/09/2026	9.950,00 €							9.950,00 €
18	P1601000G	CATORA	MONDRA	01/08/2026	14.217,00 €							14.217,00 €
19	P1604000C	SALVATERRA DO MIÑO	SHEILA PATRICIA	24/08/2026	4.500,00 €	TIRULEQUE	28/08/2026	4.508,00 €	LOS JINETES DEL TRÓPICO	10/08/2026	2.178,00 €	11.276,00 €
20	P1604000B	VILAGARCÍA DE AROUSA	DE NINGHURES	19/08/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
21	P1600008G	CERDEDO-COTOBADI	BUDIÑO	21/08/2026	12.947,00 €							12.947,00 €
22	P1601700B	ESTRADA, A	MONDRA	16/09/2026	14.217,00 €							14.217,00 €
23	P16014000G	NEVES, AS	LUAR NA LLIBRE	12/07/2026	13.310,00 €							13.310,00 €
24	P1602100D	GONDOMAR	THE CRASS	14/08/2026	10.800,00 €							10.800,00 €
25	P1601000D	NIGRÁN	LUAR NA LLIBRE	24/08/2026	13.310,00 €							13.310,00 €
26	P1600900I	CAPIZA, A	LUCIA PEREZ	12/08/2026	11.900,00 €							11.900,00 €
27	P1601000H	FORNELOS DE MONTES	MILLADOIRO	08/08/2026	13.045,00 €							13.045,00 €
28	P1601800I	FORCAREI	XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE	22/08/2026	11.878,00 €							11.878,00 €
29	P1602000G	MOÑA	SES	04/08/2026	13.310,00 €							13.310,00 €
30	P1604000B	POIO	XUNTOS POLA MÚSICA	20/08/2026	12.100,00 €							12.100,00 €
31	P1601100C	MONDARIZ BALNEARIO	OS REVENIDOS	12/09/2026	6.570,00 €	SONDAS TABERNAS	11/06/2026	3.267,00 €	BLUES DO PAIS E O SINDICATO DA VERBENA	27/09/2026	1.831,00 €	11.668,00 €
32	P1606000I	VILANOVA DE AROUSA	ROI CASAL	04/08/2026	14.495,80 €							14.495,80 €
33	P1602000A	COVELO	MARIA DO CEO	11/07/2026	8.470,00 €	MAVELA	27/06/2026	3.500,00 €				11.970,00 €
34	P1602000I	SILLEDA	JAVI MANEIRO	20/08/2026	6.010,00 €	LOITA AMADA	20/08/2026	4.840,00 €	MALLOU	17/09/2026	1.028,00 €	11.878,00 €
35	P1602100B	GROVE, O	ENSEMBLE GROBA	24/07/2026	9.478,00 €	CANTANDO CON PINOCHO	22/09/2026	900,00 €	BERCE DO SON	27/10/2026	1.210,00 €	11.588,00 €
36	P1601000F	PORRIÑO, O	SES	27/06/2026	13.310,00 €							13.310,00 €
37	P1602700A	MEÁN	LUCIA PEREZ	27/12/2026	11.900,00 €							11.900,00 €
38	P1601800A	CANGAS	ALANA	25/08/2026	6.300,00 €	A GRAMOLA GOMINOLA	21/08/2026	2.760,00 €	NACHO FAIA LAR	23/08/2026	2.600,00 €	11.660,00 €
39	P1604000A	SANXENXO	XURJO FERNANDES	16/07/2026	7.260,00 €							7.260,00 €
40	P1603200A	MORAÑA	THE TETA 'S VAN	26/07/2026	6.800,00 €	ARTISTICA E A BANDA DOS B	07/11/2026	6.800,00 €				13.600,00 €
41	P1602800I	MEIS	FESTICULTORES TROUPE	16/04/2026	4.840,00 €	A GRAMOLA GOMINOLA	10/07/2026	2.760,00 €	LOUBAND	04/07/2026	4.235,00 €	11.835,00 €
42	P1601100F	ARBO	XISCO FEIJOO	08/09/2026	10.285,00 €							10.285,00 €
43	P1604700I	RODEIRO	COMANDO CURUXAS	27/04/2026	5.900,00 €	VANESA MUELA E A BANDA DE TRAKA	18/07/2026	5.100,00 €				11.000,00 €
44	P1602100F	AGOLADA	THE TETAS 'S VAN	08/08/2026	5.100,00 €	LEIRABUXO	04/08/2026	6.800,00 €				11.900,00 €
45	P1604600I	VALGA	THE CRASS	16/09/2026	10.800,00 €	CANTANDO CON PINOCHO	10/10/2026	900,00 €				11.700,00 €
46	P1604000B	TUI	FANFARRIA TAQUIKARDIA	19/08/2026	4.235,00 €	MECANICA ROLLING BAND	15/08/2026	3.600,00 €				7.835,00 €
47	P1601000E	MONDARIZ	QUEJMAN FOLKI DE BRUXO QUEJMAN	14/08/2026	8.954,00 €	LOS JINETES DEL TRÓPICO	14/08/2026	2.178,00 €				11.132,00 €
48	P1602000E	LAMA	VANESA MUELA E A BANDA TRAKA	19/06/2026	5.100,00 €	ARTISTICA E A BANDA DOS B	10/07/2026	6.800,00 €				11.900,00 €
49	P1604000D	PORTAS	XABIER DÍAZ E ADUFEIRAS DE SALITRE	24/09/2026	11.878,00 €							11.878,00 €
50	P1603700I	MOS	QUINQUILLADA	14/06/2026	7.260,00 €	LUXIA LAMBONA E A BANDA MOLONA	11/06/2026	3.327,00 €	MÚSICA MIÚDA	19/06/2026	614,20 €	11.201,20 €
51	P1601100F	CLUNTS	ARTISTICA E A BANDA DOS B	15/08/2026	6.800,00 €	VANESA MUELA E A BANDA DE TRAKA	11/07/2026	5.100,00 €				11.900,00 €
52	P1603000D	VILA DE CRUCES	VANESA MUELA E A BANDA TRAKA	08/08/2026	5.100,00 €	ARTISTICA E A BANDA DOS B	09/08/2026	6.800,00 €				11.900,00 €
53	P1604400F	PONTECESURES	XOIS LOIS ROMERO E ALIBORIA	03/07/2026	9.680,00 €	HABELAS HAINAS	07/07/2026	2.299,00 €				11.979,00 €
54	P1601700I	PAZOS DE BORBÉN	DE VACAS	16/08/2026	6.050,00 €	GRUPO FOLK AIRIÑOS DA PENEDA	23/09/2026	2.420,00 €	CANTANDO CON PINOCHO	01/11/2026	900,00 €	9.420,00 €
55	P1607000C	CAMPO LAMEIRO	GLUORO	06/09/2026	7.260,00 €	AILA	06/09/2026	4.065,00 €				11.325,00 €
56	P1604000E	SALCEDAS DE CASELAS	A BANDA DA LOBA	18/07/2026	5.445,00 €							5.445,00 €
57	P1602000D	BARRO	XOIS LOIS ROMERO E ALIBORIA	24/06/2026	9.680,00 €	HABELAS HAINAS	30/08/2026	2.299,00 €				11.979,00 €
58	P1604800F	VILABOIA	A RODA	04/09/2026	7.000,00 €	MALLOU	10/09/2026	1.028,00 €	MECANICA ROLLING BAND	09/09/2026	3.600,00 €	11.628,00 €
TOTAL .....												695.937,50 €



O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

*Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.*

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

